



CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CC OO

Análise do mercado laboral desde a perspectiva de xénero

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
Análise do mercado laboral desde a perspectiva de xénero
Marzo de 2019

Elaboración: Secretaría da Muller e Gabinete Técnico Económico



ÍNDICE

Presentación	5
Introdución.....	7
Poboación activa	7
Poboación ocupada	10
Por idades	10
Por sectores.....	12
Por ramas de actividade	13
Segundo a ocupación	15
Segundo a situación profesional	16
Segundo a xornada	17
Segundo o tipo de contrato	19
Segundo o tipo de contrato e xornada	21
Contratación	22
Fenda salarial	23
Poboación parada	27
Prestacións por desemprego.....	29
Fenda nas prestacións por desemprego	30
Fenda nas pensións	30
Conclusión	32

PRESENTACIÓN

A situación da muller no mercado de traballo galego segue sendo moi precaria e así se revela neste informe. O insuficiente investimento das políticas públicas para desenvolver as medidas que conducirían á igualdade real é a razón de que esa situación non mellore: a temporalidade e a xornada parcial, a segregación ocupacional, o desemprego, a fenda salarial, a persistencia do teito de cristal, o acoso sexual ou por razón de sexo, os déficits na conciliación e a corresponsabilidade, a menor protección social e a fenda nas pensións persistirán mentres non exista o convencemento e vontade política de corrixilas.

A maior cualificación e formación profesional deberían ser factores que promoveisen as mulleres galegas en postos de traballo con altas capacidades. Mais a segregación sexual segue sendo tan forte en determinadas profesións, que as mulleres ocupan postos con escasa cualificación, baixa remuneración e pouco prestixio social.

Todos estes factores contribúen a que as mulleres atopen dificultades en Galicia para acceder a un traballo digno e de calidade, e isto ten consecuencias inmediatas: o elevado número de mozas moi cualificadas que se acollen á emigración forzosa e a incapacidade de fixar poboación nova e inmigrante.

As políticas públicas deben enfocarse a crear expectativas laborais de calidade e afrontar as profundas transformacións sociais. A articulación de medidas de conciliación e corresponsabilidade que posibiliten proxectos de futuro debe ser asumida dende todos os ámbitos —político, empresarial, social, educativo...— ou, se non, toparemos serias dificultades para abordar o reto demográfico que ten Galicia desde hai décadas.

A discriminación que acumulan as mulleres ao longo da súa vida laboral repercute na contía das pensións. Urxe idear unha estratexia para eliminar e prever a fenda de xénero nesta franxa de idade, porque a poboación maior está empobrecida e é vulnerable.

Atacar eficazmente as desigualdades sociais, concentrar esforzos, recursos e espazos nas políticas públicas orientadas ás mulleres será o único xeito de conseguir que a sociedade galega sexa en si mesma un proxecto de futuro.

Nestes momentos, máis ca nunca, hai que investir en traballo decente e igualdade de xénero.

Mamen SABIO SANZ

Secretaría de Muller e Igualdade Sindicato Nacional CCOO de Galicia

INTRODUCCIÓN

Neste informe analízanse as principais categorías da poboación feminina en relación co mercado laboral: activas, ocupadas, paradas e inactivas. Os datos manexados son os da Enquisa de poboación activa (EPA) e tómase como referencia o cuarto trimestre de 2018, último dato publicado pola EPA.

Centrámonos no último ano (4º trimestre de 2018-4º trimestre de 2017) para que a comparación sexa entre períodos homoxéneos. Cando nos interese destacar desviacións moi salientables nas variables estudadas, tamén nos referiremos a outros anos da última década

O enfoque da análise será desde a perspectiva de xénero, facendo fincapé nas brechas que persisten no mercado laboral. As mulleres seguen participando menos no mercado laboral, ocupan máis postos de traballo temporais e, sobre todo, están máis presentes na xornada parcial; perciben salarios e prestacións inferiores, mantense a segregación horizontal e vertical, etc.

POBOACIÓN ACTIVA

Segundo os datos da enquisa de poboación activa (EPA), en Galicia hai máis mulleres ca homes en idade legal de traballar: 1 218 100 mulleres de 16 ou máis anos (52 % da poboación desa idade) fronte a 1 116 300 homes no cuarto trimestre de 2018. Porén, elas teñen menor representación no mercado laboral.

Táboa 1. POBOACIÓN ACTIVA POR SEXOS

IV TRIMESTRE	MULLERES	HOMES	TOTAL
2011	619.400	700.700	1.320.200
2012	616.900	693.900	1.310.700
2013	608.000	675.600	1.283.500
2014	600.600	663.700	1.264.300
2015	599.500	655.700	1.255.200
2016	597.000	656.800	1.253.800
2017	594.600	643.300	1.237.900
2018	596.000	641.000	1.237.000

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No último ano subiu a poboación activa feminina, tras descender de forma continuada nos seis anteriores. A masculina, en cambio, continuou baixando.

No cuarto trimestre de 2018 incorporábanse ao mercado laboral 1400 mulleres en relación co mesmo trimestre do ano anterior. Porén, desde o 2011 (ano coa cifra máis alta de mulleres activas nun cuarto trimestre desde que existen estatísticas),

o número de activas baixou en 23 400. Por grupos de idade, a perda concentrouse en mulleres menores de 40 anos (79 600 activas menos fronte a 56 000 activas máis de 40 anos en diante).

Desde o ano 2011 ata o 2018, baixou máis en proporción o número de mulleres activas (-3,8 %) ca o de mulleres en idade legal de traballar (-2,7 %).

Deseguido analizamos a evolución da poboación activa por sexo, co indicador da taxa de actividade (cociente entre a poboación activa e a poboación en idade legal de traballar).

Táboa 2. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXOS

IV TRIMESTRE	MULLERES	HOMES	TOTAL
2011	49,5 %	60,9 %	54,9 %
2012	49,5 %	60,6 %	54,8 %
2013	49,1 %	59,3 %	54,0 %
2014	48,7 %	58,6 %	53,5 %
2015	48,9 %	58,2 %	53,3 %
2016	48,7 %	58,4 %	53,4 %
2017	48,8 %	57,6 %	53,0 %
2018	48,9 %	57,4 %	53,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A taxa de actividade das mulleres era do 48,9 % no cuarto trimestre de 2018 (aumentou unha décima en relación co cuarto trimestre de 2017), fronte ao 49,5 % que alcanzaba nos cuartos trimestres de 2011 e 2012 (taxa de actividade máis elevada das mulleres desde que existen estatísticas).

A taxa de actividade dos homes é a máis baixa desde que existen estatísticas (ano 1996): 57,4 % no cuarto trimestre de 2018.

Malia esa evolución, a taxa de actividade feminina era inferior á masculina en 8,5 puntos porcentuais no cuarto trimestre de 2018.

Táboa 3. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXOS E GRUPOS DE IDADE

GRUPOS DE IDADE	MULLERES	HOMES	TOTAL
De 16 a 19 anos	4,6 %	10,2 %	7,5 %
De 20 a 24 anos	40,8 %	48,9 %	45,0 %
De 25 a 29 anos	79,5 %	83,6 %	81,5 %
De 30 a 34 anos	87,7 %	91,4 %	89,5 %
De 35 a 39 anos	84,6 %	91,8 %	88,2 %
De 40 a 44 anos	88,6 %	90,8 %	89,7 %
De 45 a 49 anos	81,3 %	89,4 %	85,3 %
De 50 a 54 anos	78,4 %	86,2 %	82,2 %
De 55 a 59 anos	63,5 %	77,1 %	70,1 %
De 60 a 64 anos	42,9 %	46,0 %	44,4 %
De 65 ou máis anos	1,9 %	2,4 %	2,1 %
Total	48,9 %	57,4 %	53,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

Por grupos de idade (táboa 3), a taxa de actividade masculina é superior á feminina en todos os tramos de idade analizados. A maior fenda de xénero dáse dos 55 aos 59 anos.

As mulleres menores de 30 anos teñen unha taxa de actividade baixa (no cuarto trimestre de 2018, o 46,3 % fronte ao 51,6 % dos homes); nisto inflúe, sobre todo nas menores de 20 anos, que moitas están estudando e aínda non se incorporaron ao mercado laboral.

A taxa de actividade máis elevada nas mulleres dáse nas de 30 a 44 anos; nos seguintes tramos de idade xa diminúe seguido.

Atendendo ao nivel de formación, a maior taxa de actividade rexístrase nas mulleres con educación superior: o 81,2 % participaban no mercado laboral no cuarto trimestre de 2018 (fronte ao 78,9 % dos homes).

Aínda existe un colectivo numeroso de mulleres que fican á marxe do mercado laboral, é dicir, non teñen un emprego remunerado nin o buscan activamente, por razóns moi diversas: están estudando, son xubiladas, teñen responsabilidades familiares ou persoais, cren que non o van atopar, etc. A consecuencia é que as mulleres representa o 57 % da poboación inactiva: 622 000 no cuarto trimestre de 2018.

Táboa 4 . POBOACIÓN INACTIVA POR SEXO E CAUSA

	MULLERES	HOMES	TOTAL
Cree que non o vai atopar	14.000	8.600	22.600
Está afectado por unha regulación de emprego	—	400	400
Por enfermidade ou incapacidade propia	56.100	63.600	119.700
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, discapacitados ou maiores	30.800	4.600	35.400
Ten outras responsabilidades familiares ou persoais	49.900	4.300	54.200
Está cursando estudos ou recibindo formación	75.700	73.600	149.300
Está xubilado	107.500	159.500	267.000
Outras razóns	73.800	16.200	89.900
Non sabe	700	800	1.500
Non aplicable	213.500	143.800	357.400
Total	622.000	475.300	1.097.300

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

Entre as causas de inactividade, dúas destacan pola maior presenza de mulleres que de homes: o coidado de menores ou persoas adultas enfermas, con discapacidade ou maiores (o 87 % das persoas que alegan esta causa son mulleres) e outras responsabilidades familiares ou persoais (o 92 % son mulleres).

POBOACIÓN OCUPADA

No último ano, o aumento do emprego foi bastante similar en ambos os sexos: 16 700 ocupados máis (3,0 %) e 15 700 ocupadas máis (3,1 %).

Desde o cuarto trimestre de 2014 (cifra máis baixa de poboación ocupada nun cuarto trimestre na última década) recuperáronse 87 700 empregos e algo máis da metade (45 100) foron para mulleres. De todo o emprego que se destruíu desde o 2008, quedan por recuperar 17 000 empregos femininos fronte 91 200 masculinos.

Táboa 5. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXO

IV TRIMESTRE	MULLERES	HOMES	TOTAL
2014	474.700	525.700	1.000.400
2015	488.100	544.400	1.032.500
2016	495.500	554.100	1.049.600
2017	504.100	551.600	1.055.800
2018	519.800	568.300	1.088.100

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Con todo, segue habendo menos ocupadas ca ocupados. A taxa de ocupación (percentaxe de poboación ocupada sobre a poboación de 16 e máis anos) das mulleres no cuarto trimestre de 2018 era 8,2 puntos porcentuais inferior á dos homes (42,7 % fronte a 50,9 %).

A diferenza acurtouse bastante en comparación co mesmo trimestre de 2008 (daquela de 14,5 puntos porcentuais), pero esa maior converxencia débese, sobre todo, a que a taxa de ocupación dos homes caeu moito (6,4 puntos porcentuais) e a das mulleres só 0,1 puntos porcentuais.

Táboa 6. TAXA DE OCUPACIÓN POR SEXOS

IV TRIMESTRE	MULLERES	HOMES	TOTAL
2014	38,5 %	46,4 %	42,3 %
2015	39,8 %	48,3 %	43,9 %
2016	40,5 %	49,3 %	44,7 %
2017	41,4 %	49,4 %	45,2 %
2018	42,7 %	50,9 %	46,6 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por idades

O aumento da poboación ocupada feminina que se dá desde o cuarto trimestre de 2014 (ano co menor número de mulleres empregadas en Galicia nun cuarto trimestre na última década) concéntrase nas mulleres de 20 a 24 anos (2900 ocupa-

das máis) e nas de 40 ou máis anos (56 200 máis). Pola contra, no tramo de 25 a 39 anos traballan 13 900 mulleres menos.

Se a análise se centra no último ano, vese que a ocupación aumenta entre as mulleres de 25 a 29 anos (2600 ocupadas máis) e as de 40 ou máis anos (21 300 máis), mentres que se perde nas menores de 24 anos (1900 ocupadas menos) e nas de 30 a 39 anos (6300 menos).

En consecuencia, do 2014 ao 2018 agrávase o envellecemento da poboación ocupada feminina: as menores de 30 anos pasaron do 11,7 % o 11,1 %; as de 30 a 44 anos baixaron do 44,2 % ao 40,8 %; en cambio, as de 45 e 54 anos aumentaron do 26,8 % ao 29,0 %, e as de 55 ou máis anos, do 17,3 % ao 19,1 %.

Táboa 7. OCUPADAS POR GRUPOS DE IDADE

GRUPOS DE IDADE	2018	2017	2014
De 16 a 19 anos	800	1.500	800
De 20 a 24 anos	15.900	17.100	13.000
De 25 a 29 anos	41.000	38.400	41.700
De 30 a 34 anos	52.700	55.900	61.200
De 35 a 39 anos	71.200	74.300	75.900
De 40 a 44 anos	88.200	81.400	72.700
De 45 a 49 anos	78.900	70.400	68.400
De 50 a 54 anos	72.000	71.800	58.900
De 55 a 59 anos	56.900	52.300	47.200
De 60 a 64 anos	35.700	34.800	29.400
De 65 ou máis anos	6.500	6.200	5.400
Total	519.800	504.100	474.700

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre

A taxa de ocupación dos homes é superior á das mulleres en todos os tramos de idade analizados (táboa 8).

Táboa 8. TAXA DE OCUPACIÓN POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

GRUPOS DE IDADE	MULLERES	HOMES	TOTAL
De 16 a 19 anos	2,0 %	6,6 %	4,4 %
De 20 a 24 anos	30,2 %	34,3 %	32,3 %
De 25 a 29 anos	67,1 %	68,2 %	67,7 %
De 30 a 34 anos	73,0 %	80,2 %	76,6 %
De 35 a 39 anos	74,7 %	84,2 %	79,4 %
De 40 a 44 anos	78,1 %	83,0 %	80,5 %
De 45 a 49 anos	72,9 %	82,1 %	77,5 %
De 50 a 54 anos	68,7 %	77,3 %	72,9 %
De 55 a 59 anos	57,1 %	69,5 %	63,2 %
De 60 a 64 anos	38,7 %	39,7 %	39,2 %
De 65 ou máis anos	1,7 %	2,3 %	2,0 %
Total	42,7 %	50,9 %	46,6 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

A brecha máis fonda dáse dos 55 aos 59 anos: a taxa de ocupación masculina supera a feminina en 12,4 puntos porcentuais. Pola contra, entre a poboación máis nova, a diferenza queda por baixo da media: a taxa de ocupación das mozas de 16 a 29 anos era do 37,1 % no cuarto trimestre de 2018 e a dos mozos do 39,8 %.

A maior taxa de ocupación nas mulleres rexístrase nas de 30 a 44 anos: unhas tres de cada catro traballan. Porén, a partir dos 44 anos comeza a baixar a súa participación no emprego remunerado.

Por sectores

A distribución da poboación ocupada por sexo e sectores é moi dispar. Se nos servizos a maioría das persoas ocupadas son mulleres (o 57 %), nos outros sectores (primario, construción e industria) representan por baixo do 40 % da ocupación.

Táboa 9. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXOS E SECTORES

SECTORES	MULLERES	HOMES	TOTAL	(MULLERES/TOTAL)*100
Primario	25.400	42.500	67.900	37,4%
Industria	46.200	123.500	169.700	27,2%
Construción	4.300	62.700	67.000	6,4%
Servizos	443.900	339.500	783.400	56,7%
Total	519.800	568.300	1.088.100	47,8 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

Como se ve na táboa 10, as mulleres están ocupadas maiormente no sector dos servizos (o 85 % fronte ao 60 % dos homes); en cambio, na industria representan o 9 % das mulleres con emprego, porcentaxe que sobe ata o 22 % para os homes. O sector primario dá ocupación ao 5 % das mulleres (fronte ao 7 % dos homes) e a construción só ocupa un 1 % de mulleres (fronte ao 11 % de homes).

Táboa 10. DISTRIBUCIÓN DO EMPREGO POR SEXO E SECTORES

SECTORES	MULLERES	HOMES	TOTAL
Primario	4,9 %	7,5 %	6,2 %
Industria	8,9 %	21,7 %	15,6 %
Construción	0,8 %	11,0 %	6,2 %
Servizos	85,4 %	59,7 %	72,0 %
Total	100,0 %	100,0 %	100,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do cuarto trimestre de 2018.

Os servizos, con 443 900 mulleres ocupadas no cuarto trimestre de 2018, é o sector que máis pulo lle está dando á recuperación do emprego. Desde o cuarto trimestre de 2012 (ano en que se alcanzou a cifra máis baixa de ocupación feminina nos servizos nun cuarto trimestre da última década) traballan 45 300 mulleres máis no sector; delas, 20 900 incorporáronse no último ano. Xa hai máis poboación ocupada feminina nos servizos ca hai dez anos (11 200 ocupadas máis) e a súa

representación no total do emprego subiu desde o 80,6 % no cuarto trimestre de 2008 ata o 85,4 % no mesmo trimestre de 2018.

Na industria destruíronse 3700 postos de traballo ocupados por mulleres no 2018; un ano antes xa se perderan outros 1000. No cuarto trimestre de 2018, este sector ocupaba 46 200 mulleres; son 2800 máis ca en 2013(entón a industria rexistraba a cifra máis baixa de ocupación feminina) pero aínda quedan por recuperar 14 000 empregos para chegar ao nivel de ocupación feminina de 2008. A industria xuntaba o 11,2 % da poboación ocupada feminina no cuarto trimestre de 2008; dez anos despois, a porcentaxe baixaba ata o 8,9 %.

No sector primario (agricultura e pesca) tamén se destruíu emprego nos dous últimos anos. En comparación co cuarto trimestre de 2016, hai 3200 empregadas menos no sector e desas 1600 perderon o seu posto de traballo no último ano. No cuarto trimestre de 2018 traballaban no sector primario 25 400 mulleres (2300 máis ca catro anos antes, data coa cifra máis baixa de ocupación do período analizado) que representaban o 4,9 % da poboación ocupada en Galicia (fronte ao 6,6 % dez anos antes).

A construción daba emprego a 8500 mulleres no cuarto trimestre de 2008 (1,6 % da poboación ocupada feminina); dez anos eran 4300 (o 0,8 % da poboación ocupada feminina). O menor número de mulleres empregadas na construción nun cuarto trimestre na última década dáse no 2017 con 4200; desde aquela creáronse 100 empregos no sector.

Táboa 11. POBOACIÓN OCUPADA FEMININA POR SECTORES

IV TRIMESTRE	PRIMARIO	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	TOTAL
2008	35.600	60.200	8.500	432.700	536.800
2009	39.300	50.000	9.200	417.900	516.400
2010	37.600	46.300	8.000	410.300	502.200
2011	34.500	50.000	6.800	411.300	502.600
2012	33.900	50.600	5.100	398.600	488.200
2013	29.400	43.400	3.700	402.400	479.000
2014	23.100	44.800	4.700	402.100	474.700
2015	23.700	46.100	5.600	412.700	488.100
2016	28.600	50.900	5.400	410.600	495.500
2017	27.000	49.900	4.200	423.000	504.100
2018	25.400	46.200	4.300	443.900	519.800

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por ramas de actividade

A poboación ocupada feminina concéntrase no sector dos servizos e é maioritaria nas seguintes ramas: actividades sanitarias e de servizos sociais (80 % das persoas que traballan nesa rama son mulleres), educación (o 65 %), hostalaría (o 62 %) e

resto de servizos (o 76 %), que inclúen, por exemplo, as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico, perruquería e outros tratamentos de beleza ou a actividade de lavado, limpeza e tinguido de prendas téxtiles e de pel.

Outra rama que ocupa máis mulleres ca homes é o comercio, aínda que aquí a repartición é case idéntica (o 51 % das persoas ocupadas son mulleres).

Noutras ramas, en cambio, a muller ten escasa presenza: construción; industria extractiva; enerxía, subministración de auga e xestión de residuos; pesca e acuicultura ou transporte e almacenamento.

Táboa 12. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXO E POR RAMA DE ACTIVIDADE

RAMA DE ACTIVIDADE	MULLERES	HOMES	TOTAL
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	22.200	29.800	52.000
Pesca e acuicultura	3.200	12.800	16.000
Industrias extractivas	400	4.600	5.000
Industria manufactureira	44.500	110.200	154.700
Enerxía, subministración de auga e xestión de residuos	1.400	8.700	10.100
Construción	4.300	62.700	67.000
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	90.000	86.800	176.700
Transporte e almacenamento	11.500	40.300	51.800
Hostalaría	48.700	30.100	78.800
Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	77.200	78.400	155.700
Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria	33.800	41.100	74.900
Educación	44.200	24.000	68.100
Actividades sanitarias e de servizos sociais	80.600	20.500	101.100
Resto de servizos	57.900	18.300	76.300
Total	519.800	568.300	1.088.100

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

As tres ramas de actividade con máis ocupadas son o comercio por xunto e ao retallo, reparación de vehículos de motor e motocicletas (90 000 no cuarto trimestre de 2018); actividades sanitarias e de servizos sociais (80 600), e actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (77 200). No cuarto trimestre de 2018 esas tres ramas xuntaban o 48 % da ocupación feminina.

No último ano só se crea emprego para as mulleres en sete ramas das catorce analizadas (táboa 13). Nas seguintes, destrúese: industria extractiva (-33,3 %), pesca e acuicultura (-31,9 %), industria manufactureira (-7,1 %), educación (-5,4 %), comercio (-2,1 %), resto de servizos (-0,7 %) e agricultura, gandaría, caza e silvicultura (-0,4 %). As ramas de actividade en que máis aumentou en proporción a poboación ocupada feminina son as seguintes: transporte e almacenamento (3400 ocupadas máis; un +42,0 %) actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (9200 máis; +14,7 %) e hostalaría (5600 máis; +13,0 %).

Táboa 13. POBOACIÓN OCUPADA FEMININA POR RAMA DE ACTIVIDADE

RAMA DE ACTIVIDADE	4ºTRIM.2018	4ºTRIM 2017
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	22.200	22.300
Pesca e acuicultura	3.200	4.700
Industrias extractivas	400	600
Industria manufactureira	44.500	47.900
Enerxía, subministración de auga e xestión de residuos	1.400	1.300
Construción	4.300	4.200
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	90.000	91.900
Transporte e almacenamento	11.500	8.100
Hostalaría	48.700	43.100
Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	77.200	68.000
Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria	33.800	32.800
Educación	44.200	46.700
Actividades sanitarias e de servizos sociais	80.600	74.100
Resto de servizos	57.900	58.300
Total	519.800	504.100

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Segundo a ocupación

Das dez ocupacións analizadas (táboa 14), en catro hai máis mulleres ca homes.

A porcentaxe maior de mulleres (67 % das persoas encadradas nesa ocupación) atópase na ocupación relacionada cos empregos contables, administrativos e outros de oficina: 73 100 no cuarto trimestre de 2018, que equivalen ao 14 % da poboación ocupada feminina (fronte ao 6 % da masculina).

Séguelle moi de preto a dos servizos de restauración, persoais, protección e vendas con 162 400 ocupadas no 2018; son case o 67 % das persoas encadradas nesa ocupación. Abrangue o 31 % das ocupadas fronte ao 14 % dos ocupados.

Nas ocupacións elementais (que, supostamente, requiren menores niveis de cualificación) encadrábanse 68 600 mulleres no cuarto trimestre de 2018, o 13 % da ocupación feminina (un 7 % de masculina). Nestas, o 63 % dos empregos están ocupados por mulleres.

Nos postos de traballo que requiren unha alta cualificación (técnicos, científicos e intelectuais), contabilizábanse 187 500 persoas ocupadas no cuarto trimestre de 2018, e o 58 % eran mulleres. Abranguen o 21 % das mulleres que tiñan emprego fronte ao 14 % de homes.

Táboa 14. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXO E OCUPACIÓN

OCUPACIÓNS	MULLERES	HOMES	TOTAL
Ocupacións militares	600	4.400	5.000
Dirección e xerencia	12.300	27.900	40.200
Persoal técnico e profesionais científicos e intelectuais	108.200	79.300	187.500
Persoal técnico, persoal profesional de apoio	44.800	70.000	114.800
Empregos contables, administrativos e outros empregos de oficina	73.100	35.600	108.700
Servizos de restauración, persoais, protección e vendas	162.400	81.300	243.600
Persoal cualificado no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	22.200	32.000	54.200
Artesáns e traballadores/as cualificados das industrias manufactureiras e a construción	13.400	121.200	134.600
Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores/as	14.300	76.900	91.100
Ocupacións elementais	68.600	39.800	108.400
Total	519.800	568.300	1.088.100

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

Nas restantes ocupacións analizadas, a maioría dos empregos ocúpanos homes. En tres, destaca a baixa representación feminina: operadores/as de instalacións e maquinaria e montadores/as; artesáns e traballadores/as cualificados das industrias manufactureiras e construción; ocupacións militares.

Só o 2,4 % das traballadoras ocupan postos de dirección e xerencia fronte ao 4,9 % dos ocupados. Tendo en conta esas porcentaxes, pode parecer que non hai moita diferenza por sexo, pero a representación feminina nos postos de dirección e xerencia é só do 31 %.

Segundo a situación profesional

Case a metade da poboación asalariada de Galicia son mulleres (440 000 asalariados fronte a 433 300 asalariadas no cuarto trimestre de 2018) e, en proporción, teñen máis representación no emprego por conta allea ca os homes: o 83 % fronte ao 77 %, respectivamente.

Polo tipo de sector, as mulleres son maioría no público (59 %) e os homes no privado (53 %).

Canto ao emprego por conta propia, un 5 % de ocupadas son empresarias con asalariados/as (fronte a un 7 % de homes). Nesa categoría, as mulleres representan o 38 %.

As traballadoras independentes ou empresarias sen persoal asalariado son o 11 % da poboación ocupada feminina; nesta categoría, os homes tamén teñen máis presenza, son o 15 %. O 41 % das persoas ocupadas nesa categoría son mulleres.

Táboa 15. POBOACIÓN OCUPADA POR SEXO E SITUACIÓN PROFESIONAL

SITUACIÓN PROFESIONAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
Empresario/a con persoal asalariado	25.900	42.200	68.100
Traballador/a independente ou empresario/a sen persoal asalariado	57.900	83.000	140.900
Asalariado/a do sector público	111.600	78.800	190.400
Asalariado/a do sector privado	321.700	361.200	682.900
Axuda na empresa ou negocios familiar	1.800	2.000	3.800
Outros	900	1.100	2.000
Total	519.800	568.300	1.088.100

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

No último ano aumentou o número de empresarias con persoal asalariado ao seu cargo (1900 máis, +7,9%), mentres que diminuíu o de traballadoras independentes ou empresarias sen persoal asalariado (3100 menos, -5,1%).

No que atange ao emprego asalariado, hai 16 500 traballadoras máis por conta allea no sector privado (+5,4%) e 1800 máis no sector público (+1,6%).

Segundo a xornada

En Galicia, 116 500 mulleres traballaban a xornada parcial no cuarto trimestre de 2018; son o 22,4% das ocupadas fronte ao 6,1% dos ocupados. A xornada parcial ten unha clara marca de xénero: o 77% dos empregos a tempo parcial estaban ocupados por mulleres.

Táboa 16. POBOACIÓN OCUPADA POR TIPO DE XORNADA

	XORNADA PARCIAL	XORNADA COMPLETA	TOTAL
Mulleres	116.500	403.300	519.800
Homes	34.400	533.800	568.300
Total	150.900	937.200	1.088.100

FonTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

Nestes catro últimos anos recuperáronse 45 100 empregos femininos, a maioría a xornada completa (40 400). Non obstante, no último ano aumentou máis, en proporción, a poboación ocupada a xornada parcial (6300 mulleres máis, +5,7%) que a xornada completa (9300 ocupadas máis, +2,4%). Así, a representación da xornada parcial na ocupación subiu do 21,9% no cuarto trimestre de 2017 ao 22,4% un ano máis tarde.

Táboa 17. OCUPACIÓN FEMININA SEGUNDO O TIPO DE XORNADA

IV TRIMESTRE	XORNADA PARCIAL	XORNADA COMPLETA	TOTAL	TAXA DE OCUPACIÓN A XORNADA PARCIAL
2014	111.800	362.900	474.700	23,6 %
2015	108.300	379.800	488.100	22,2 %
2016	111.900	383.600	495.500	22,6 %
2017	110.200	394.000	504.100	21,9 %
2018	116.500	403.300	519.800	22,4 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A xornada parcial non é voluntaria na maioría dos casos; de feito, a razón predominante para elixila é non atopar un traballo de xornada completa, como manifestaron o 57 % das ocupadas e o 60 % dos ocupados.

O seguinte motivo máis manifestado polas mulleres é o coidado de menores ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores: 20 500 mulleres no cuarto trimestre de 2018, o 18 % das ocupadas a xornada parcial. No caso dos homes, só expresan este motivo o 1 %.

Táboa 18. POBOACIÓN OCUPADA A TEMPO PARCIAL POR MOTIVO E SEXO

MOTIVO	MULLERES	HOMES	TOTAL
Seguir cursos de ensinanza ou formación	5.400	4.600	10.000
Enfermidade ou incapacidade propia	1.900	1.100	3.000
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	20.500	400	20.900
Outras obrigas familiares ou persoais	7.900	700	8.700
Non atopar un traballo de xornada completa	65.900	20.800	86.600
Non querer un traballo de xornada completa	8.200	2.200	10.400
Outras razóns	6.100	4.500	10.600
Non sabe o motivo	600	200	800
Total	116.500	34.400	150.900

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

Se nos centramos só na poboación ocupada feminina por tipo de xornada (táboa 19), a taxa de ocupación a xornada parcial quedou por riba da media nas seguintes ramas: pesca e acuicultura (31,3 % de traballadoras da rama traballan a xornada parcial); hostalaría (28,3 %); actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (26,8 %); transporte e almacenamento (26,1 %); comercio por xunto e ao retalho, reparación de vehículos de motor e motocicletas (23,4 %); resto de servizos (48,2 %). Nesta última inclúense actividades con moita presenza de mulleres como a dos fogares como empregadores de persoal doméstico ou a de peruquería e outros tratamentos de beleza.

Táboa 19. POBOACIÓN OCUPADA FEMININA POR XORNADA E RAMA DE ACTIVIDADE

RAMA DE ACTIVIDADE	X. COMPLETA	X. PARCIAL	TOTAL	TAXA OCUPACIÓN XORNADA PARCIAL
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	20.800	1.300	22.200	5,9%
Pesca e acuicultura	2.200	1.000	3.200	31,3%
Industrias extractivas	400	0	400	0,0%
Industria manufacturera	40.000	4.500	44.500	10,1%
Enerxía, subministración de auga e xestión de residuos	1.400	0	1.400	0,0%
Construción	3.700	600	4.300	14,0%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	68.800	21.100	90.000	23,4%
Transporte e almacenamento	8.600	3.000	11.500	26,1%
Hostalaría	34.900	13.800	48.700	28,3%
Activ. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	56.500	20.700	77.200	26,8%
Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria	32.900	900	33.800	2,7%
Educación	35.700	8.500	44.200	19,2%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	67.500	13.100	80.600	16,3%
Resto de servizos	30.000	27.900	57.900	48,2%
Total	403.300	116.500	519.800	22,4 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

Segundo o tipo de contrato

A poboación asalariada feminina aumenta por quinto ano consecutivo nun cuarto trimestre: suman 433 300 mulleres no cuarto trimestre de 2018 (son o 83 % da poboación ocupada feminina), mentres que a poboación ocupada feminina medra por cuarto ano consecutivo.

O número de traballadoras por conta allea remontou ata superar os valores anteriores á crise, mentres que o de traballadores segue por debaixo.

No último ano, contabilízanse 18 300 asalariadas máis (+4,4 %) e 16 200 asalariados máis (+3,8 %).

Polo tipo de contrato (táboa 20), nos últimos cinco anos creáronse 45 500 empregos femininos por conta allea, pero deles o 57 % foron temporais (26 000), o que impulsou a taxa de temporalidade das mulleres (n.º asalariadas con contrato temporal/n.º total de asalariadas) desde o 23,9 % no cuarto trimestre de 2013 ao 27,3 % no mesmo trimestre de 2018.

A recuperación do emprego por conta allea sempre foi acompañada da suba continua da taxa de temporalidade, agás no último ano. No 2018, en relación co ano anterior, aumentou o número de asalariadas indefinidas (20 900 máis) e baixou o das temporais (2700 menos) e a taxa de temporalidade baixou 1,9 puntos porcentuais ata situarse no 27,3 % no cuarto trimestre de 2018.

TÁBOA 20. POBOACIÓN ASALARIADA FEMININA POR TIPO DE CONTRATO

IV TRIMESTRE	POBOACIÓN ASALARIADA	INDEFINIDA	TEMPORAL	TAXA TEMPORALIDADE
2013	387.800	295.300	92.500	23,9%
2014	390.200	293.100	97.100	24,9%
2015	400.300	290.400	109.900	27,5%
2016	403.300	288.800	114.500	28,4%
2017	415.000	293.900	121.200	29,2%
2018	433.300	314.800	118.500	27,3%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

O sector privado leva catro anos creando emprego por conta allea para as mulleres (táboa 21) co que se superan xa as cifras que había antes de empezar a crise. Desde o cuarto trimestre de 2014 hai 34 200 novas asalariadas, 16 500 no último ano.

A taxa de temporalidade das mulleres no sector privado era do 26,8 % no cuarto trimestre de 2018, inferior en 2,3 puntos porcentuais á do mesmo trimestre do ano anterior. Esa baixada vén dada porque aumentou o número de asalariadas indefinidas (19 000 máis), mentres que o de temporais baixou (2500 menos).

TÁBOA 21. EMPREGO ASALARIADO FEMININO NO SECTOR PRIVADO

IV TRIMESTRE	TOTAL	INDEFINIDO	TEMPORAL	TAXA TEMPORALIDADE
2014	287.500	214.400	73.000	25,4 %
2015	296.700	212.500	84.300	28,4 %
2016	302.100	215.300	86.800	28,7 %
2017	305.200	216.500	88.700	29,1 %
2018	321.700	235.500	86.200	26,8 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

O emprego público aumentou seguido nos dous últimos anos: 1800 asalariadas máis no cuarto trimestre de 2018 en relación co mesmo trimestre de 2017; un ano antes incrementábase en 8600.

Táboa 22. EMPREGO ASALARIADO FEMININO NO SECTOR PÚBLICO

IV TRIMESTRE	TOTAL	INDEFINIDO	TEMPORAL	TAXA TEMPORALIDADE
2010	111.900	80.300	31.600	28,2 %
2011	109.400	80.700	28.700	26,2 %
2012	98.600	76.500	22.100	22,4%
2013	99.000	78.600	20.400	20,6%
2014	102.700	78.600	24.100	23,5%
2015	103.600	78.000	25.600	24,7%
2016	101.200	73.500	27.700	27,4%
2017	109.800	77.400	32.400	29,5%
2018	111.600	79.300	32.300	28,9%

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

O número de traballadoras no sector público era de 111 600 no cuarto trimestre de 2018, é a cifra máis elevada nun cuarto trimestre dos últimos oito anos.

O 28,9 % das asalariadas do sector público tiñan un contrato temporal no cuarto trimestre de 2018, porcentaxe inferior en 0,6 puntos á do mesmo período do ano anterior. O emprego creado no sector público no último ano foi indefinido (1900 indefinidas máis fronte a 100 temporais menos).

Aínda así, as traballadoras por conta allea do sector público alcanzan unha maior temporalidade (28,9 %) ca as do sector privado (26,8 %).

No sector privado hai máis traballadores ca traballadoras por conta allea: 361 200 asalariados e 321 700 asalariadas (o 47 % da poboación asalariada nese sector). O 26,8 % das asalariadas tiñan un contrato temporal fronte ao 26,3 % dos asalariados, a diferenza é de 0,5 puntos porcentuais.

Ao contrario que no sector privado, no público hai máis asalariadas ca asalariados: 111 600 (o 59 % da poboación asalariada no sector) e 78 800, respectivamente.

No sector público si que hai moita diferenza entre a taxa de temporalidade das mulleres e dos homes. No cuarto trimestre de 2018 tiñan un contrato temporal o 28,9 % das asalariadas fronte ao 16,8 % dos asalariados, é dicir, a brecha superaba os 12 puntos porcentuais.

Atendendo a idade, a taxa de temporalidade máis elevada dáse entre as mulleres máis novas. No cuarto trimestre de 2018 había 54 100 mozas traballando por conta allea de 16 a 29 anos e máis da metade tiñan un contrato temporal (o 56,6 %).

No tramo dos 16 aos 34 anos, a proporción de asalariados e de asalariadas con contrato temporal é case idéntica: 46,3 % mulleres; 46,2 % homes. Pero na escolla no tramo de 35 ou máis anos a brecha ensánchase: tiñan un contrato temporal o 21,6 % das asalariadas fronte ao 17,6 % dos asalariados, o que supón unha diferenza de catro puntos.

Segundo o tipo de contrato e a xornada

No cuarto trimestre de 2018 había en Galicia 433 300 asalariadas. Delas, 118 500 tiñan un contrato temporal (27,3 %) e 107 600 traballaban en xornada parcial (o 24,8 %). Xuntaban ambas as condicións, é dicir, eran temporais e traballan a xornada parcial, 42 100 mulleres (o 9,7 % das asalariadas).

As asalariadas indefinidas con xornada completa eran 249 400 no cuarto trimestre de 2018 e representaban o 57,6 % das asalariadas. A porcentaxe subía ata o 73,1 % nos homes.

TÁBOA 23. POBOACIÓN ASALARIADA FEMININA POR CONTRATO E TIPO DE XORNADA

	INDEFINIDAS	TEMPORAIS	ASALARIADAS
Parcial	65.400	42.100	107.600
Completa	249.400	76.400	325.800
Total	314.800	118.500	433.300

FORTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

CONTRATACIÓN

No ano 2018 rexistrouse o récord de contratos desde que existen estatísticas: 1 082 126. Esa cantidade de contratos é indicativa da elevadísima temporalidade e dos altos niveis de rotación que existen no noso mercado laboral.

Canto ao tipo de contrato (temporal ou indefinido), non se aprecia unha diferenza significativa por sexos pois ambos soportan unha elevada temporalidade.

As mulleres asinaron 517 748 contratos no 2018 (o 48 % da contratación acumulada no ano), e o 91,5 % foron temporais. Nos homes, esa porcentaxe foi do 90,4 %.

Canto ás modalidades de contratación, tres tipos son os máis utilizados en ambos os sexos: obra ou servizo (o 41 % dese tipo de contratos foron asinados por mulleres), eventual por circunstancias de produción (49 %) e o de interinidade (72 %).

A esaxerada rotación laboral é un trazo característico da precariedade. No ano 2018, cada muller asalariada temporal asinou de media catro contratos.

O tipo de xornada si que se distribúe de forma moi desemeillante por sexo. De 389 916 contratos a xornada parcial rexistrados durante o ano 2018, o 62 % formalizáronse con mulleres.

O 47,0 % dos contratos formalizados con mulleres foron a xornada parcial fronte ao 26,0 % no caso dos homes.

Táboa 24. CONTRATOS REXISTRADOS POR XORNADA E SEXO

XORNADA	MULLERES	HOMES	TOTAL
A tempo completo	271.705	413.619	685.324
A tempo parcial	243.258	146.658	389.916
Fixos descontínuos	2.785	4.101	6.886
Total contratos	517.748	564.378	1.082.126

FORTE: elaboración propia sobre datos do IGE. Ano 2018

Segundo a Enquisa anual de estrutura salarial, no 2016 (último dato dispoñible), as mulleres ganaron de media 12,23 euros/hora e os homes 14,42 euros/hora. Polo tanto, a ganancia media por hora das mulleres tería que incrementarse un 17,9 % para equipararse á do home (16,6 % no 2015). Na media estatal, esa diferenza estaba no 17,2 % no 2016.

A diferenza salarial entre homes e mulleres aumenta ao comparar a ganancia media anual. En concreto, o salario medio anual das mulleres foi inferior ao dos homes en 5479,74 euros; tería que incrementarse un 30,0 % para igualarse ao dos homes (28,2 % no 2015).

Polo tipo de contrato, o salario medio anual dos traballadores cun contrato indefinido supera o das mulleres nun 31,8 %. No caso dos contratos temporais, esa diferenza baixa ata o 18,3 %.

Táboa 25. GANANCIA MEDIA ANUAL POR TRABALLADOR/A E TIPO DE CONTRATO

CONTRATO	MULLERES	HOMES	DIFERENZA SALARIAL HOME-MULLER
Indefinido	19.111,36	25.184,74	31,8 %
Temporal	14.727,26	17.420,46	18,3 %
Total	18.294,47	23.774,21	30,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da Enquisa de estrutura salarial. Ano 2016

Por sectores (táboa 26), na industria, o salario medio anual dos homes é un 39,9 % superior ao das mulleres. Nos servizos, a porcentaxe é do 28,6 %.

Táboa 26. GANANCIA MEDIA ANUAL POR TRABALLADOR/A POR SECTOR

	MULLERES	HOMES	DIFERENZA SALARIAL HOME-MULLER
Industria	18.826,35	26.341,99	39,9 %
Construción	—	20.667,27	—
Servizos	18.165,87	23.365,26	28,6 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da Enquisa de estrutura salarial. Ano 2016

Outra fonte que nos aproxima á realidade da fenda salarial en Galicia é a «Estadística de mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias», da Axencia Tributaria.¹ É unha investigación de carácter censal baseada na relación de perceptores

¹ «Lémbrase que o salario e a pensión medios na estadística tributaria se miden como o cociente das masas declaradas de rendementos do traballo divididas polo número de perceptores, sen ter en conta o tempo efectivo de traballo ou o número de meses en que se recibiu a pensión. Este feito produce un nesgo á baixa do salario e pensión medios en comparación con outras estatísticas nas cales o denominador é o número medio anual de asalariados ou de pensionistas. O mesmo cabe dicir das prestacións por desemprego medias que figuran na estadística. Pola mesma razón, non se pode interpretar o número de perceptores na cola baixa da distribución salarial (por debaixo de 1 SMI) como persoas que perciben un salario inferior ao salario mínimo. Ese tramo recolle os perceptores que só traballaron unha fracción do ano e a súa masa de retribucións inclúe nada máis que as retribucións salariais polo tempo traballado (esa mesma persoa puido recibir noutra parte do ano prestacións por desemprego ou, no caso das persoas que se xubilán ao longo do ano, pensións).»

https://www.agenciatributaria.es/AEAT.internet/datosabiertos/catalogo/hacienda/Mercado_de_Trabajo_y_Pensiones_en_las_Fuentes_Tributarias.shtml

de salarios, pensións e prestacións por desemprego que presentan os empregadores mediante a declaración anual de retencións e ingresos a conta sobre rendementos do traballo (modelo 190).

O número asalariadas/os nesta estatística non ten por que coincidir co doutras fontes do mercado laboral (por exemplo, EPA ou afiliación á seguridade social) porque aquí compútanse todas as persoas asalariadas con independencia do tempo que permanecesen no mercado laboral, mentres que noutras estatísticas se recolle a poboación asalariada en media anual.

Segundo esa fonte, o salario medio anual das mulleres era de 16 123 euros no 2017, que supoñen 4431 euros menos ca o dos homes. Os ingresos salariais dos homes foron un 27,5 % superiores aos das mulleres (28,7 % no 2016).

Táboa 27. ASALARIADAS/OS E SALARIO MEDIO ANUAL POR TRAMOS. ANO 2017

TRAMOS DE SALARIO	ASALARIADAS		ASALARIADOS	
	N.º ASALARIADAS	SALARIO MEDIO ANUAL	N.º ASALARIADOS	SALARIO MEDIO ANUAL
De 0 a 0,5 SMI	98.985	2.041	83.135	1.996
De 0,5 a 1 SMI	80.503	7.515	58.497	7.473
De 1 a 1,5 SMI	93.490	12.468	72.670	12.557
De 1,5 a 2 SMI	72.125	17.093	109.719	17.322
De 2 a 2,5 SMI	43.858	22.068	69.292	22.017
De 2,5 a 3 SMI	26.590	27.146	42.810	27.177
De 3 a 3,5 SMI	23.586	32.063	32.240	32.024
De 3,5 a 4 SMI	15.754	37.195	20.817	37.023
De 4 a 4,5 SMI	11.402	41.858	14.667	41.954
De 4,5 a 5 SMI	5.161	46.802	9.326	46.906
De 5 a 7,5 SMI	9.764	58.970	19.996	59.074
De 7,5 a 10 SMI	1.907	83.012	5.203	83.795
Máis de 10 SMI	627	174.092	3.054	180.191
Total	483.752	16.123	541.426	20.554

FONTE: elaboración propia sobre datos da AEAT. Ano 2017

Se as mulleres son maioría nos tramos con ingresos salariais máis baixos (ata 1,5 veces o SMI), os homes sono nos restantes (de 1,5 veces o SMI en diante).

No 2017, o 37,1 % das asalariadas declaraban unha percepción salarial que non superaba o SMI (daquela estaba fixado en 9907,80 euros anuais), fronte ao 26,2 % dos homes.

No tramo de 1 a 1,5 veces o SMI encadrábanse 93 490 mulleres (o 19,3 % das asalariadas) e declaraban un salario medio anual de 12 468 euros.

Polo tanto, menos da metade das asalariadas en Galicia (o 43,6 %) ingresaron máis de 1,5 veces o SMI, mentres que no caso dos asalariados a porcentaxe subiu ata o 60,4 %. Só o 32,8 % das persoas asalariadas con ingresos entre 5 a 7,5 SMI son mu-

lles, e baixa ata o 26,8 % no tramo de 7,5 a 10 SMI e ata o 17,0 % no tramo de máis de 10 veces o SMI.

Atendendo á idade, o salario medio anual dos homes supera o das mulleres en todos os tramos de idade. A maior fenda dáse nas persoas maiores de 65 anos, que xunta o 1,2 % das asalariadas e o 1,8 % dos asalariados; neste grupo, os homes ingresaron un 66,6 % máis que as mulleres. A seguir está o tramo de 18 a 25 anos (encadraba o 8,1 % das asalariadas e o 7,9 % dos asalariados), cunha fenda do 31,8 %; no tramo de 46 a 55 anos (24,3 % das asalariadas e o 24,9 % dos asalariados), a diferenza era do 28,7 % a favor dos homes.

Pola contra, a menor diferenza dáse entre as persoas menores de 18 anos, pero, certamente, o volume de persoas asalariadas nese tramo de idade non é significativo. Séguelle a franxa de 26 a 35 anos (22,1 % das asalariadas e 20,6 % dos asalariados), na que o salario medio anual dos homes supera o das mulleres no 20,2 %.

Táboa 28. SALARIO MEDIO ANUAL POR SEXO E GRUPOS DE IDADE

	MULLERES	HOMES	DIFERENZA HOME-MULLER
Menor de 18 anos	1.930	2.304	19,4 %
De 18 a 25 anos	5.628	7.416	31,8 %
De 26 a 35 anos	12.973	15.591	20,2 %
De 36 a 45 anos	16.963	21.613	27,4 %
De 46 a 55 anos	19.251	24.769	28,7 %
De 56 a 65 anos	21.146	26.439	25,0 %
Mayor de 65 anos	7.787	12.975	66,6 %
Total	16.123	20.554	27,5 %

FONTE: elaboración propia sobre datos do AEAT. Ano 2017

As mulleres menores de 36 anos eran 146 971 no 2017 e representaban o 30,4 % sobre o total de asalariadas. O seu salario medio anual era inferior ao salario medio dese ano (16 123 euros).

Entre as mulleres cos salarios máis baixos tamén están as maiores de 65 anos: 6046 asalariadas no 2017 (o 1,2 % do total de asalariadas) cun salario medio anual de 7787 euros no dito ano.

Táboa 29. ASALARIADAS E SALARIO MEDIO ANUAL POR IDADE. ANO 2017

TRAMOS DE IDADE	ASALARIADAS	SALARIO MEDIO ANUAL
Menor de 18 anos	792	1.930
De 18 a 25 anos	39.308	5.628
De 26 a 35 anos	106.871	12.973
De 36 a 45 anos	150.013	16.963
De 46 a 55 anos	117.737	19.251
De 56 a 65 anos	62.985	21.146
Mayor de 65 anos	6.046	7.787
Total	483.752	16.123

FONTE: elaboración propia sobre datos do AEAT. Ano 2017

Por sector de actividade, a maior fenda salarial áchase na agricultura, gandería, silvicultura e pesca, no que os homes ingresaron de media anual un 43,8 % máis ca as mulleres. Séguelle as entidades financeiras e aseguradoras cunha brecha do 42,1 % e a industria cunha porcentaxe do 41,7 %.

Pola contra, a menor diferenza salarial dáse no sector da construción e actividades inmobiliarias: os asalariados ingresaron un 9,5 % máis ca as asalariadas. A seguir está a actividade dos servizos sociais, cunha brecha do 20,8 %.

Táboa 30. SALARIO MEDIO ANUAL POR SEXO E SECTOR DE ACTIVIDADE. ANO 2017

	MULLERES	HOMES	DIFERENZA HOME-MULLER
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	11.310	16.260	43,8%
Industria extractiva, enerxía e auga	21.601	29.215	35,2%
Industria	15.676	22.213	41,7%
Construción e actividades inmobiliarias	16.223	17.764	9,5%
Comercio, reparacións e transporte	14.283	19.809	38,7%
Información e comunicacións	19.338	25.551	32,1%
Entidades financeiras e aseguradoras	27.662	39.304	42,1%
Servizos ás empresas	12.109	16.905	39,6%
Servizos sociais	22.234	26.863	20,8%
Outros servizos persoais e de ocio	7.823	10.903	39,4%
Total	16.123	20.554	27,5 %

FONTE: elaboración propia con datos do AEAT. Ano 2017

O salario medio anual das mulleres é inferior ao salario medio (16 123 euros/ano) nos seguintes sectores: outros servizos persoais e de ocio (7823 euros/ano); agricultura, gandería, silvicultura e pesca (11 310 euros/ano); servizos ás empresas (12 109 euros/ano); comercio, reparacións e transporte (14 283 euros/ano) e industria (15 676 euros/ano). No ano 2017, o 61 % das asalariadas encadrábanse neses sectores.

Táboa 31. ASALARIADAS/OS POR SECTOR. ANO 2017

SECTORES	ASALARIADAS	ASALARIADOS	TOTAL
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	4.544	20.053	24.596
Industria extractiva, enerxía e auga	2.004	9.263	11.267
Industria	43.564	94.638	138.203
Construción e actividades inmobiliarias	11.449	65.461	76.911
Comercio, reparacións e transporte	101.139	126.617	227.756
Información e comunicacións	7.284	12.447	19.730
Entidades financeiras e aseguradoras	10.750	10.229	20.979
Servizos ás empresas	70.797	59.683	130.480
Servizos sociais	158.172	92.125	250.297
Outros servizos persoais e de ocio	74.049	50.909	124.958
Total	483.752	541.426	1.025.178

FONTE: elaboración propia sobre datos da AEAT. Ano 2017

As asalariadas son maioría nas seguintes actividades (táboa 31): servizos sociais (63,2 % da poboación asalariada); outros servizos persoais e de ocio (59,3 %), servizos ás empresas (54,3 %) e entidades financeiras e aseguradoras (51,2 %).

O salario medio anual máis baixo rexístrase na actividade «outros servizos persoais e de ocio», que é unha das máis feminizadas e abrangue o 15,3 % das asalariadas e o 9,4 % dos asalariados.

Pola contra, o salario medio anual máis alto corresponde a actividade de «entidades financeiras e aseguradoras», na que a distribución da poboación asalariada por sexos é bastante similar (48,8 % homes e 51,2 % mulleres) e na que se encadran o 2,2 % das asalariadas e o 1,9 % dos asalariados.

POBOACIÓN PARADA

No cuarto trimestre de 2018 había 76 200 paradas (51,2 % do paro) e 72 700 parados. A taxa de paro das mulleres superaba a dos homes en 1,5 puntos porcentuais: 12,8 % mulleres e 11,3 % homes.

A creación de emprego, aínda que sexa precario, e a caída da poboación activa reflectíronse na baixada do paro desde 128 900 mulleres no cuarto trimestre de 2013 (o 21,2 % da poboación activa feminina) ata 76 200 no 2018 (o 12,8 % da poboación activa feminina). En cinco anos saíron das estatísticas do paro unhas 52 700 mulleres pero a poboación ocupada feminina só aumentou en 40 800.

Táboa 32. POBOACIÓN PARADA FEMININA

IV TRIMESTRE	PARADAS	TAXA DE PARO
2007	55.300	9,7 %
2008	64.400	10,7 %
2009	84.000	14,0 %
2010	96.600	16,1 %
2011	116.800	18,9 %
2012	128.700	20,9 %
2013	128.900	21,2 %
2014	125.900	21,0 %
2015	111.400	18,6 %
2016	101.500	17,0 %
2017	90.500	15,2 %
2018	76.200	12,8 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A cifra de mulleres en paro é superior á rexistrada no 2017. Daquela había 55 300 paradas (20 900 menos ca once anos despois) e a taxa de paro estaba no 9,7 % (fronte ao 12,8 % once anos despois).

As mulleres son maioría no paro e, sobre todo, no de longa duración. No cuarto trimestre de 2018 había 61 200 persoas en paro de longa duración e 32 800 eran mulleres (o 54 %). O 88 % das mulleres paradas de longa duración tiñan experiencia laboral.

O 34,5 % das desempregadas —26.300 en cifras absolutas— levaban dous ou máis anos buscando un posto de traballo.

En todos os grupos de idade analizados (táboa 33) hai máis mulleres en paro ca homes, agás no de 16 a 29 anos e no de 55 e 64 anos que acontece o contrario.

Entre a poboación máis nova, a taxa de paro das mulleres quedou por baixo da dos homes: o 19,8 % das mulleres activas de entre 16 e 29 anos estaban no paro no cuarto trimestre de 2018 fronte ao 22,9 % dos homes.

Dos 30 a 44 anos xúntase un maior número de paradas ca de parados: 32 000 mulleres (56,1 % de poboación parada desa idade) fronte a 24 100 homes.

O 39 % das mulleres desempregadas no cuarto trimestre de 2018 tiñan 45 ou máis anos (eran 30 000 mulleres). Dentro dese colectivo, 10 800 tiñan 55 ou máis anos e supuñan o 14 % do paro feminino.

Táboa 33. POBOACIÓN PARADA POR GRUPOS DE IDADE E SEXO

	MULLERES	HOMES	TOTAL
de 16 a 19 anos	1.100	1.600	2.700
de 20 a 24 anos	5.600	8.000	13.700
de 25 a 29 anos	7.500	9.600	17.100
de 30 a 34 anos	10.600	8.100	18.700
de 35 a 39 anos	9.500	7.300	16.800
de 40 a 44 anos	11.900	8.700	20.600
de 45 a 49 anos	9.000	7.700	16.700
de 50 a 54 anos	10.200	8.900	19.000
de 55 a 59 anos	6.400	7.200	13.600
de 60 a 64 anos	3.900	5.400	9.300
de 65 e máis anos	500	200	700
Total	76.200	72.700	148.900

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

Outro colectivo vulnerable é a poboación con menos formación. No cuarto trimestre de 2018, a taxa de paro máis alta (sen ter en conta as paradas sen estudos porque a cifra absoluta non é significativa no total do desemprego) rexístrase nas mulleres con estudos primarios: 23,3 %. No extremo contrario estarían as mulleres con educación superior, cunha taxa de paro do 9,0 %.

A taxa de paro das mulleres é máis alta ca a dos homes en todos os niveis de formación analizados (táboa 34), agás entre as persoas que teñen estudos primarios que acontece ao revés.

Na educación superior é onde a taxa de paro das mulleres supera máis amplamente a dos homes (3,1 puntos porcentuais máis). Séguelle moi de preto a categoría «educación secundaria. Segunda etapa».

Táboa 34. TAXA DE PARO POR NIVEL DE FORMACIÓN ALCANZADO E SEXO

	MULLERES	HOMES	TOTAL
Sen estudos	75,0 %	—	67,2
Estudos primarios	23,3 %	27,6 %	25,7
Educación secundaria. Primeira etapa	15,7 %	14,3 %	14,9
Educación secundaria. Segunda etapa	14,9 %	11,9 %	13,4
Educación superior	9,0 %	5,9 %	7,6
Total	12,8 %	11,3 %	12,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA. Datos do IV trimestre de 2018

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

A protección contra o desemprego mantense en niveis baixos. En decembro de 2018 estaban rexistradas nas oficinas dos servizos públicos de emprego 86 566 mulleres paradas con experiencia laboral, e só o 52,8 % percibían unha prestación por desemprego.

A brecha de xénero na protección por desemprego superaba os 10 puntos porcentuais: a taxa de cobertura foi do 52,8 % nas mulleres e do 63,3 % nos homes.

Atendendo ao tipo de prestación, as contributivas (as de máis calidade) só chegan ao 47,3 % das mulleres beneficiarias de prestacións por desemprego. No caso dos homes, esa porcentaxe é algo máis alta, un 47,7 %.

Táboa 35. PRESTACIÓN POR DESEMPREGO POR TIPO E SEXO

PRESTACIÓN	MULLERES	HOMES	TOTAL
Prestación contributiva	21.615	20.685	42.300
Subsidio por desemprego	20.019	19.160	39.179
Renda activa de inserción	4.028	3.548	7.576
Programa activación para o emprego	15	13	28
Total	45.677	43.406	89.083

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE. Datos de decembro do 2018

Por grupos de idade, as prestacións contributivas representaron o 66,7 % do total das prestacións percibidas por mulleres menores de 30 anos; o 60,9 % nas mulleres de 30 a 44 anos e só o 33,3 % para as mulleres de 45 ou máis anos.

O 67,7 % das mulleres beneficiarias de prestacións por desemprego de 55 ou máis anos estaban percibindo subsidios por desemprego.

Táboa 36. BENEFICIARIAS DE PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO POR IDADE E TIPO

IDADE	CONTRIBUTIVA	SUBSIDIO	RAI	PROGRAMA ACTIVACIÓN	TOTAL PRESTACIÓNS
16-19 anos	17	30	11	0	58
20-24 anos	775	406	69	0	1.250
25-29 anos	2.492	1.028	95	0	3.615
30-34 anos	3.278	1.603	111	3	4.995
35-39 anos	3.631	2.204	171	2	6.008
40-44 anos	3.589	2.466	175	2	6.232
45-49 anos	2.700	2.018	1.274	4	5.996
50-54 anos	2.076	1.663	1.081	2	4.822
55-59 anos	1.737	3.425	690	2	5.854
60 ou máis anos	1.320	5.176	351	0	6.847
Total	21.615	20.019	4.028	15	45.677

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE. Datos de decembro de 2018

Fenda nas prestacións por desemprego

A Axencia Tributaria (AEAT) publica o número de persoas que perciben prestacións por desemprego e mais o importe da prestación media anual. Esa información pode consultarse na estatística de Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias (ver nota ao pé, na páxina 23).

Segundo os datos da Axencia Tributaria, en 2017 (último dato dispoñible), 112 843 mulleres percibiron prestacións por desemprego (o 49 % sobre o total de persoas desempregadas que as percibiron) fronte a 115 752 homes. As mulleres percibiron unha prestación media anual de 2837 euros e os homes, 3242 euros. Polo tanto, os homes ingresaron de media uns 405 euros máis ao ano, un 14,3 % máis (no 2016, esa porcentaxe estaba no 16,7 %).

FENDA NAS PENSIONÍS

No 2017 había 200 584 mulleres que percibían unha pensión de xubilación fronte a 273 062 homes. O importe medio da pensión de xubilación era de 664 euros nas mulleres e de 1061,64 euros nos homes, isto é os xubilados percibiron 397,64 euros ao mes máis que as mulleres, un 59,9 % máis.

A estatística Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias da Axencia Tributaria ofrece información sobre as pensións medias anuais e o número de pensións (pero sen desagregar en función do tipo de pensión. Ver nota ao pé na páxina 23). Segundo esa fonte, o importe da pensión media anual en Galicia no ano 2017 era de 10 610 euros nas mulleres e subía nos homes ata os 14 797 euros. Isto sig-

nifica que os homes ingresaron, de media, 4187 euros máis ca as mulleres ao ano, un 39,5 % máis (no 2016, a porcentaxe era do 40,5 %).

Táboa 37. NÚMERO DE PENSÍONS CONTRIBUTIVAS E IMPORTE MEDIO POR SEXO

	NÚMERO DE PENSÍONS		IMPORTE MEDIO (EUROS)	
	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES
Incapacidade permanente	23.310	46.695	732,42	893,30
Xubilación	200.584	273.062	664,00	1.061,64
Viuvez	168.257	18.863	567,79	403,41
Orfandade	11.092	12.664	373,82	376,01
Favor familiares	4.036	2.261	494,07	460,75
Total	407.279	353.545	618,58	975,89

FONTE: elaboración propia sobre datos do Seguridade Social/IGE. Datos do 31 de decembro de 2017

No 2017, segundo os datos da Axencia Tributaria, en Galicia ingresaron pensións 782 507 persoas: 403 228 mulleres (o 52 % sobre o total de pensionistas) e 379 279 homes. O número de pensións por persoa foi de 1,1 tanto nas mulleres coma nos homes.

Táboa 38. MULLERES PENSIONISTAS, PENSÍON POR PERSOA E PENSÍON MEDIA ANUAL

TRAMOS DE PENSÍON	MULLERES PENSIONISTAS	PENSÍONS POR PERSOA	PENSÍON MEDIA ANUAL
De 0 a 0,5 PMI*	38.827	1,04	2.166
De 0,5 a 1 PMI	134.874	1,03	7.011
De 1 a 1,5 PMI	148.095	1,06	9.687
De 1,5 a 2 PMI	31.019	1,19	14.538
De 2 a 2,5 PMI	18.202	1,23	18.975
De 2,5 a 3 PMI	8.484	1,35	23.079
De 3 a 3,5 PMI	5.288	1,44	27.438
De 3,5 a 4 PMI	8.387	1,51	31.911
De 4 a 4,5 PMI	7.727	1,53	35.894
De 4,5 a 5 PMI	885	2,28	40.027
De 5 a 7,5 PMI	1.054	2,41	49.189
Máis de 7,5 PMI	386	2,49	114.593
Total	403.228	1,10	10.610

*PMI: pensión mínima interprofesional

FONTE: elaboración propia sobre datos da AEAT. Datos do ano 2017

As mulleres son maioría entre as pensións máis baixas (ata 1,5 veces a pensión mínima interprofesional, hai máis mulleres pensionistas ca homes e de aí en diante é ao revés).

No 2017, o 43,1 % das pensionistas declararon uns ingresos que non superaban a PMI (que estaba fixada en 8471,20 euros/ano). No caso dos homes, a porcentaxe baixa ata o 31,4 %. Como se ve na táboa 38, as pensionistas situadas nos tramos superiores perciben, por termo medio, maior número de pensións por persoa.

CONCLUSIÓN

— En Galicia hai máis mulleres ca homes en idade legal de traballar, pero menos participando no mercado laboral.

Hai máis mulleres presentes no mercado laboral das que había antes de iniciarse a crise; de feito, a cifra máis alta de activas dáse no 2011. En cambio, a taxa de actividade dos homes está nos niveis máis baixos da historia.

Malia esa progresión, no cuarto trimestre de 2018, a taxa de actividade das mulleres era inferior á dos homes en 8,5 puntos porcentuais. Participan no mercado laboral o 48,9 % das mulleres en idade legal de traballar fronte ao 57,4 % dos homes.

Entre as causas de inactividade, hai dúas que destacan pola maior presenza de mulleres que de homes: coidado de menores ou de persoas adultas enfermas, con discapacidade ou maiores e ter outras responsabilidades familiares ou persoais.

— No cuarto trimestre de 2018 había unha diferenza de 8,2 puntos porcentuais entre a taxa de ocupación das mulleres e a dos homes. A brecha de xénero acurthouse bastante en relación coa que había hai dez anos pero niso influíu que a participación dos homes no emprego se resentiu moito.

A taxa de ocupación das mulleres era do 42,7 % no cuarto trimestre de 2018 fronte ao 42,8 % dez anos antes. En cambio, a taxa de ocupación dos homes baixou do 57,3 % no cuarto trimestre de 2008 ao 50,9 % dez anos despois.

— Persiste a segregación horizontal no mercado laboral. As mulleres traballan mormente nos servizos e teñen máis presenza ca os homes en ramas como actividades sanitarias e de servizos sociais, educación ou hostalaría. En cambio, hai outras ramas nas que a muller ten escasa presenza como é o caso da construción ou a industria extractiva.

Tamén persiste a segregación vertical. As mulleres son maioría na categoría «ocupacións elementais» (que, supostamente, requiren menores niveis de cualificación). En sentido contrario, a representación feminina nos postos de dirección e xerencia queda por debaixo do 40 %.

Entre os avances, hai que destacar que o 21 % das mulleres ocupan postos de traballo que requiren unha alta cualificación, é dicir, os técnicos e profesionais científicos e intelectuais. As mulleres representan o 58 % da poboación ocupada nesa categoría.

— Pola situación profesional, en proporción, hai máis mulleres ca homes traballando por conta allea. As mulleres son maioría no sector público e os homes no privado.

Canto ao emprego por conta propia, na categoría de empresario/a con asalariados/as encádranse o 5 % das ocupadas fronte ao 7 % dos ocupados. A representación da muller nesa situación profesional non chega ao 40 %.

— A xornada parcial ten unha clara marca de xénero: o 77 % das persoas que traballan a xornada parcial son mulleres. No cuarto trimestre de 2018 ocupaban un posto a xornada parcial o 22,4 % das traballadoras fronte ao 6,1 % dos traballadores.

A xornada parcial non é voluntaria na maioría dos casos; de feito, a razón predominante para elixila é non atopar un traballo de xornada completa como manifestaron o 57 % das ocupadas que se acolleron a esa xornada.

O seguinte motivo máis manifestado polas mulleres é o coidado de menores ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores: o 98 % das persoas que traballan a xornada parcial por esa causa son mulleres.

No último ano, en proporción, aumentou máis a poboación ocupada feminina a xornada parcial que a de xornada completa. En consecuencia, a representación da xornada parcial na ocupación feminina incrementouse do 21,9 % no cuarto trimestre de 2017 ao 22,4 % no cuarto trimestre de 2018.

— A taxa de temporalidade é máis alta nas mulleres ca nos homes tanto no sector privado coma no público. No sector privado a diferenza non é moita. No público, en cambio, a taxa de temporalidade das mulleres superaba a dos homes en 12,2 puntos porcentuais.

— As mulleres son maioría no paro (o 51 %) e no paro de longa duración (o 54 %).

— En decembro de 2018, a brecha de xénero na protección por desemprego superaba os 10 puntos porcentuais: a taxa de cobertura foi do 52,8 % nas mulleres e do 63,3 % nos homes.

— A fenda salarial é o resultado máis visible da desigualdade e da discriminación que sofren as mulleres no mercado laboral. Segundo a enquisa anual de estrutura salarial, no 2016, o salario medio anual das mulleres foi inferior ao dos homes en 5479,74 euros e tería que incrementarse nun 30,0 % para equiparse ao dos homes.

O salario medio anual das mulleres con contrato indefinido tería que aumentar un 31,8 % para igualarse ao dos homes, mentres que no caso das mulleres con contrato temporal tería que subir un 18,3 %.

— A disparidade nos salarios tamén repercute, como é obvio, nas prestacións por desemprego e nas pensións. Segundo os datos da Axencia Tributaria, no 2017, a prestación media anual por desemprego dos homes superaba a das mulleres nun 14,3 % e a pensión media anual dos homes superou a das mulleres nun 39,5 %.

